
BASES DO SORTEO “ESTE NADAL TOCA EN MELIDE 2023-2024”

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA con C.I.F.: G15246093, no marco dunha serie de actuacións encamiñadas á promoción do sector empresarial e comercial, e despois da resposta das campañas anteriores, organiza a XXV Campaña “ESTE NADAL TOCA EN MELIDE” .

OBXECTIVO

O obxectivo desta campaña é o fomento das compras nos establecementos comerciais de Melide premiando a fidelidade do cliente mediante o sorteo de vales de compra para futuras adquisicións fomentando así o sector comercial que cada vez ocupa un papel máis relevante na economía da Terra de Melide.

Para levar a cabo esta acción promocional os establecementos obsequiarán aos seus clientes con rifas ao realizar compras de calquera importe durante a vixencia da campaña.

ÁMBITO TERRITORIAL

Esta campaña terá os seus efectos na comarca Terra de Melide, ámbito territorial desta Asociación.

PREMIOS

Os premios estarán compostos por vales de compra por importe de 50 euros ata completar os seguintes importes:

- .-Un premio de 2.000 euros brutos.
- .-Dous premios de 1.000 euros brutos.
- .-Catro premios de 500 euros brutos
- .- Un premio adicional chamado “Experiencia ASETEM”, a sortear entre os asistentes co número que reciban á entrada do acto, valorado en 350 euros.

Os premios estarán suxeitos ao tipo de retención vixente no momento do sorteo de forma que a contía do premio computarase como premio en especie a cada gañador e quedará suxeita ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas a cargo dos gañadores.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade que fixesen compras no comercio de Melide adscrito a esta acción promocional e que posúan rifas a tal efecto.

Quedan excluídos de acceder ós distintos premios os titulares, cónxuxe, fillos e empregados dos comercios participantes na campaña por medio de rifas adquiridas no seu propio establecemento; aínda que poderán participar con rifas doutros establecementos.

INSCRIPCIÓN

Todos os comercios asociados a Asociación de Empresarios Terra de Melide, poderán participar na campaña “ESTE NADAL TOCA EN MELIDE”, previa inscrición. O prazo para inscribirse será dende a notificación da campaña e ata o 23 de novembro de 2023 ás 13:00 horas.

A documentación da campaña poderase recoller entre os días 24 e 30 de novembro, de 10:00 a 14:00 horas, nas oficinas da citada Asociación. Nesta documentación inclúiranse folleto publicitario, 400 rifas e bases da campaña.

DURACIÓN

A campaña estará vixente dende o 1 de decembro de 2023 ata o 12 de xaneiro de 2024, datas entre as cales os comercios participantes poderán entregar as rifas.

APORTACIÓN

Os comercios que se inscriban na campaña colaboran con unha aportación de 30 euros.

RIFAS

Cada rifa terá asignado un número e nela indícanse os premios obxecto do sorteo. Estarán agrupadas en talonarios de 100 rifas. Os comercios participantes deberán selar ou asinar cada rifa de xeito que se identifique claramente o establecemento no que se entrega.

Cada comercio pola súa inscrición recibirá inicialmente 400 rifas, se desexase máis deberá solicitalo nas oficinas da asociación. Polas rifas a maiores que se necesiten farase unha aportación de 0.06 € por cada rifa.

Queda expresamente prohibida a venda de rifas desta promoción.

SORTEO

O día 12 de Xaneiro de 2024 ás 21:00 horas farase o sorteo, ante notario e publicamente, na Casa de Cultura de Melide (Centro Sociocultural Mingos de Pita), sita na rúa Galicia número 16.

Para obter os números premiados seguirase o sistema de extracción de bolas numeradas. Introdúzanse os números do cero ao nove en cada un dos cinco bombos, bolsas ou dispositivos similares, dos cales se extraerán correlativamente pertencendo o primeiro ás decenas de millar, seguido das unidades de millar, continuando coas centenas, decenas e por último as unidades. Deste xeito completaranse os números premiados.

Antes de comezar a extracción das bolas comunicárase publicamente ata que número de rifas se entregou aos socios, e se saísen números superiores aos entregados quedarán anulados automaticamente.

A orde de sacar os premios será a seguinte:

1º un premio de 2.000 euros

2º dous premios de 1.000 euros

3º catro premios de 500 euros

4º extraerase un número máis por cada premio dos anteriores en concepto de reserva.

En total extraeranse un total de 14 números (7 como titulares e 7 como reserva).

As segundas ou posteriores extraccións de un número xa premiado serán anuladas automaticamente, quedando sempre a primeira extracción como válida. Polo tanto, un mesmo número non poderá acceder a máis de un premio.

O prazo para presentar os números premiados e dos reservas será dende o día seguinte ao sorteo ata o venres, 2 de febreiro de 2024, ás 13:00 horas. Presentaranse nas oficinas da Asociación e se ao rematar o prazo algún dos números non aparece o premio considerárase deserto.

Por último, extraeráse o premio adicional “Experiencia ASETEM”, a sortear entre os asistentes co número que reciban á entrada do acto, que consistirá en 7 vales de 50€ que se poderán gastar o longo de unha semana en establecementos asociados correspondentes o sector/es os que vai dirixido o vale. Deste último premio faranse como máximo 5 extraccións. Se en 5 extraccións non saíse o agraciado, o premio resultará deserto.

ENTREGA DE PREMIOS

Os agraciados recibirán os premios de mans dos titulares dos establecementos nos que se lle entregou a rifa premiada. A entrega de premios realizarase nun acto que terá lugar nunha data a definir e para o cal serán previamente avisados pola organización. Salvo causa xustificada, deberán asistir tanto establecementos como premiados. No caso de aqueles que non puidesen asistir faráselles entrega nas oficinas da asociación no prazo de 5 días naturais seguintes á data da entrega dos premios.

Os comerciantes poderán recoller na asociación, a partir do día seguinte ao sorteo, unha relación dos números premiados. Os carteis con tódolos números premiados estarán expostos nos establecementos inscritos na campaña, ademais serán difundidos a través dos medios de comunicación locais e os medios de comunicación corporativos.

MECÁNICA DOS VALES

Cada vale do que dispón o agraciado será canxeable nun só establecemento dos inscritos na campaña e por compras iguais ou superiores ao importe do vale. Os vales só serán válidos dentro dos 15 días naturais seguintes ao día do acto de entrega.

A Asociación aboará ao comerciante o importe integro dos vales que fosen canxeados no seu establecemento, previa presentación do mesmo e tendo como prazo para o cobro os 15 días seguintes á caducidade do vale.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos subministrados polos participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo a Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social en C/ Lino Sexto Sánchez, número 7 Baixo de Melide, cuxa finalidade será a xestión do presente sorteo.

A Asociación garante o cumprimento íntegro de la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no presente sorteo, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos persoais dos participantes na campaña.

CESIÓN DOS DEREITOS DE IMAXE DOS GAÑADORES

Os gañadores dos premios aceptan expresamente que a súa imaxe poida ser captada por medios de fotografía e vídeo, no momento da entrega do regalo e ceden á Asociación os dereitos de explotación incluíndo os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación

pública, divulgación e reprodución da mesma, así como o dereito de transformación na medida necesaria para publicalos en calquera soporte (electrónico ou escrito) e por calquera medio (prensa, redes sociais, páxina web). Dita cesión realízase de forma non exclusiva, sen limitación xeográfica nin temporal e con carácter gratuíto a Asociación. A cesión dos dereitos da imaxe a que se refire este apartado realizada de forma gratuíta e sen limitación xeográfica e temporal, é condición de recepción do premio.

OUTROS

A Asociación de Empresarios Terra de Melide en calidade de organización, non se fai responsable dos posibles danos que dita campaña puidera ocasionar a terceiros.

A Asociación resérvase o dereito de modificación ou rectificación das presentes bases sempre que existise causa xustificada, comprometéndose a comunicar coa suficiente antelación as novas bases ou condicións, así como un novo depósito das mesmas.

A participación na campaña supón a aceptación destas bases, as cales están depositadas na notaría de Melide da que é titular Dona Carmen Carreira Simón.